

do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de setembro de dous mil catro,

Nomeo a Francisco Javier Álvarez Barbeito director xeral de Inmigración.

Santiago de Compostela, vinte e tres de setembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Aurelio Miras Portugal
Conselleiro de Emigración

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de setembro de 2004 pola que se anuncia o procedemento e os criterios para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de fomentar o uso do galego nestes centros.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 14.3º estipula que a Administración educativa de Galicia debe garantir que os alumnos vaian acadando un dominio, oral e escrito, similar dos idiomas galego e castelán, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio.

Para conseguir este obxectivo, a mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. No Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro), modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo (DOG do 3 de abril), régúlase o uso do galego no ensino.

Para tal fin, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que os materiais que se empreguen nas áreas e materias impartidas en lingua galega estarán escritos normalmente en galego e terán a calidade científica e pedagóxica adecuada. Polo tanto considera oportuno promover a adquisición de material educativo en galego (bibliográfico, videográfico e adaptado ás novas tecnoloxías da linguaxe), co obxectivo de que o profesorado e os alum-

nos dos nosos centros públicos conten cos suficientes medios para o coñecemento e o uso do idioma.

Por todo isto,

DISPÓN:

Primeiro.-Esta orde está destinada ao anuncio público do procedemento e dos criterios para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares públicos de educación infantil, especial, adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de fomentar o uso do galego nestes centros.

Segundo.-A finalidade do crédito orzamentario establecido nesta orde é a de satisfacer os gastos de adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego (queda excluída a adquisición de equipamentos de calquera tipo: ordenadores, impresoras, gravadoras, videocámaras, cámaras dixitais, etc.).

Terceiro.-A adquisición de material educativo en galego financiarase con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004, aprobados pola Lei 8/2003, do 23 de decembro, destinándose para este fin unha contía de 600.000 €.

Cuarto.

1. O prazo para a presentación das comunicacións por parte dos centros educativos será de 40 días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

2. A comunicación para participar realizárase utilizando o formulario que figura como anexo a esta orde. Estará asinada polo director do centro e mandarase á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente.

3. Canda á comunicación presentárase, como anexo, unha memoria, asinada polo director do centro, na que se especifiquen os materiais que se pretenden adquirir, o importe estimativo destas adquisicións e a finalidade para que están destinadas.

4. De observarse algunha falta ou deficiencia na documentación, requíranse os comunicantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden os posibles erros ou ausencias de documentación. Se transcorrido este prazo non se eliminaran as deficiencias observadas, as comunicacións arquivaranse sen máis trámite.

Quinto.-Para o exame e a avaliación das comunicacións constituirase en cada delegación provin-

cial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión integrada por:

- O delegado provincial, que a presidirá.
- Un representante do Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega da Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Un/unha representante da Inspección Educativa.
- O/a xefe/a do Gabinete de Normalización Lingüística.
- Un funcionario ou funcionaria da delegación provincial, que actuará de secretario.

Sexto.-Unha vez examinadas e avaliadas as comunicacións, as comisións provinciais presentaranlle as propostas de asignación de contías ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o cal resolverá.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición diante do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

As comunicacións entenderanse desestimadas de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.

Sétimo.

1. Para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de materiais en galego terase en conta o número de alumnos, que se valorará en cinco tramos, de maior a menor: A: máis de 600 alumnos; B: de 300 a 600 alumnos; C: de 100 a 300 alumnos; D: de 20 a 100 alumnos; E: menos de 20 alumnos.

2. As contías máximas que se lle poderán conceder a cada centro serán: para os centros do tramo A, 2.000 €; para os centros do tramo B, 1.500 €; para os centros do tramo C, 1.000 €; para os centros do tramo D, 600 € e para os centros do tramo E, 300 €.

3. Excluíranse aquelas comunicacións que non se recibisen dentro de prazo.

Oitavo.-Antes do 31 de decembro de 2004, cada centro terá que lles remitir aos gabinetes de normalización lingüística das delegacións provinciais

da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Unha relación do material efectivamente adquirido.
2. Facturas orixinais, expedidas a nome do propio centro educativo, correspondentes aos gastos totais deste material.
3. Certificación do director do centro onde conste o compromiso explícito de que todo o material adquirido estará destinado aos fins para o que se solicitou.
4. Certificación orixinal na que consten os datos bancarios do centro, selada e asinada pola entidade financeira correspondente.

En todo caso, na adquisición do material respectarase a normativa de contratos das administracións públicas

Noveno.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará o pagamento a través das súas delegacións provinciais, logo da xustificación dos interesados, tal e como se indica na epígrafe 8ª.

2. O importe do crédito adxudicado non será superior ao 100% dos gastos orixinados pola adquisición dos materiais obxecto desta convocatoria.

3. Se o importe xustificado fose inferior ao do crédito asignado, este minorarase porcentualmente.

Décimo.-A comprobación efectiva da adquisición do material levarao a cabo Inspección Educativa, consonte o disposto no artigo 11º do Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro).

Décimo primeiro.

1. A non entrega das certificacións e dos xustificantes de gasto aos que se fai referencia no artigo 8º no prazo sinalado será causa de revogación do crédito asignado e producirá como efecto a súa denegación para o ano seguinte.

2. A contía fixada na resolución poderá ser revisada se houberse alteración das condicións que se tivesen en conta para a súa concesión de acordo cos trámites regulamentarios.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO CONCESIÓN DE CRÉDITO ORZAMENTARIO DESTINADO Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO EN GALEGO POLOS CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED102A	DOCUMENTO COMUNICACIÓN
---	---	----------------------------------

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	TELÉFONO	Nº DE UNIDADES	Nº DE ALUMNOS

Don/Dona _____ /a _____ director/a do centro antes mencionado,

COMUNICA:

A adquisición de material educativo en galego destinado ás bibliotecas dos centros públicos que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA CRÉDITO	CANTIDADE SOLICITADA
Adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego	_____

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 20 de setembro de 2004 pola que se anuncia o procedemento e os criterios para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de fomentar o uso do galego nestes centros.

SINATURA DO DIRECTOR DO CENTRO

_____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Gabinete de Normalización Lingüística)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 2 de setembro de 2004 pola que se modifica o procedemento de incorporación ao Servizo Galego de Saúde de novos procedementos, técnicas, materiais e outros medios sanitarios.

O Real decreto 63/1995, do 20 de xaneiro, sobre ordenación de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, establece a necesidade de avaliar a seguridade e eficacia clínicas, así como a contribución eficaz das atencións, actividades ou servizos á prevención, tratamento ou curación de enfermidades.

As funcións de avaliación das prestacións sanitarias en relación á súa ordenación, no Sistema Nacional de Saúde, correspóndenlle á Axencia de Avaliación de Tecnoloxías en coordinación coa Dirección Xeral de Planificación Sanitaria, Sistemas de Información e Prestacións do Ministerio de Sani-

dade e Consumo, e coa Secretaría do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

En Galicia, o Servizo de Desenvolvemento de Sistemas e Avaliación de Tecnoloxías, da Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento, dependente da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, ten asumidas as funcións de avaliación de tecnoloxías sanitarias, en virtude do disposto no artigo 5.3.4.2 do Decreto 45/2002, do 8 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Os continuos avances científicos e técnicos que se veñen producindo no campo da sanidade implican a introdución de novos procedementos, técnicas e outros medios sanitarios, para facer efectivas as prestacións garantidas polo Real decreto 63/1995, do 20 de xaneiro.

Cómpre que as decisións que se toman nos servizos sanitarios e con relación a eles, así como a práctica